



EL BELÉN DE BEGONTE QUIERE SER FIESTA TURÍSTICA

# NACIMIENTO DE INTERÉS

# 'O Nadal en Begonte', aspirante a ser festa de interese turístico galego

► O Concello e o centro cultural José Domínguez Guizán uniron forzas para lograr que a Xunta lle conceda esta distinción ao nacemento begontino, un referente tras 42 edicións de posta en valor da cultura tradicional galega

CRISTINA PÉREZ

VILALBA. O Concello de Begonte e o centro cultural José Domínguez Guizán están a elaborar o expediente a través do que socilitarán para o conxunto de propostas culturais, relixiosas e sociais que compoñen 'O Nadal en Begonte', todas elas presididas polo emblemático belén electrónico, a declaración de festa de interese turístico de Galicia.

Este sábado, tras dous meses de actividades, o belén pechaba as súas portas para agardar pa-

cientemente ata o primeiro sábado de decembro. O máis seguro é que cando volva abrir, con motivo da súa cuadraxésima terceira edición, se todas as premisas se cumpren, xa o fará co ilustre apelido que debe concederlle a Xunta de Galicia.

Os milleiros de visitantes, as 42 edicións que leva, os catro concursos que se promoven —arte, debuxo infantil, xornalismo e poesía— as exposicións complementarias, o museo do belén ou a proxección coa que conta son al-

gunhas das razóns que converten «nunha necesidade» a obtención desta distinción para un belén «do que se leva falado e escrito moito» e no que ano tras ano colaboran desinteresadamente un grupo de voluntarios, tal e como precisa o rexedor begontino, José Ulla.

Á fronte dese equipo de traballo, asumindo «a responsabilidade histórica de potenciar o belén», leva anos o presidente do centro cultural Jesús Domínguez Guizán, quen se define a si mesmo coma «o conservador do que deixaron

feito os dous armadanzas», que non son outros que seu irmán José Domínguez Guizán e José Rodríguez Varela, artista encargado de darlle vida ás figuras.

«Sen dúbida, a eles faríalles unha grande ilusión obter esta distinción, porque vivían para o belén», asegura Jesús Domínguez, quen, desde o pasamento de Rodríguez Varela, anda na procura da colaboración «dun manitas» que poida continuar o legado deste e que lle dea novos azos á esa gran aldea rural galega que representa

o belén de Begonte.

«Ten valor relixioso, cultural e etnográfico», asegura Jesús Domínguez, ao tempo que defende que calquera que vaia velo, teña a motivación que teña, «pode atopar unha resposta».

Dende o seu punto de vista, obter a declaración de festa de interese «significaría unha maior promoción para o belén e para as actividades e tamén sería un recoñecemento ás actividades que se veñen facendo ao longo destes 42 anos».

## Significación

### Un fito dentro da relixiosidade galega

Son moitas as voces que avalan a distinción para o belén, polo que pasan anualmente unhas 40.000 persoas, algunhas por primeira vez, moitas repetidoras. Porque neste caso, repetir non é malo. Sábeo ben Xosé Otero Canto, un habitual entre os premiados do certame de poesía: «O belén de

Begonte é un fito dentro da relixiosidade galega», di, asegurando que «non está demodé, senón que está de moda sempre».

### Nacemento humano

«Aquí hai dous nacementos, e un é o humano, o dos que nos xuntamos aquí cada ano, que tamén perde figuras», dicía o músico e escritor Baldomero Iglesias, quen lembraba así a dous colaboradores habituais finados este ano, Manuel Rodríguez López e Milagros Domínguez Guizán. E

é que se hai algo que define ao belén é a gran familia que xunta ano tras ano.

### «Vivía para o belén»

Desa gran familia forman parte a muller e os fillos de José Rodríguez Varela. «A Joselín gustaríalle que recibise a distinción, porque el vivía para o belén», explica a súa viúva, Pilar Gómez García, lembrando que el sempre apostou por un nacemento «moi relacionado co campo, recollendo todos os oficios do seu Begonte natal».

## Evolución

### Un espazo único xurdido no 1972

O belén de Begonte inaugurouse no ano 1972, nun espazo de só uns metros cadrados e cunha presa de figuras. O bispo mindoniense da época, Miguel Anxo Araújo, encargouse de bendicir este nacemento, que se inspiraba nun belén electrónico do centro de FP de Someso, na Coruña. Pro-

gresivamente, foi medrando ata ocupar os 80 metros cadrados actuais, o máximo do local.

### Cen figuras

O número de figuras foi medrando exponencialmente ata acadar as máis de cen da actualidade, a metade delas animadas grazas ao inxenio de José Rodríguez Varela. Non basta unha ollada, nin sequera un pase, para ver os seus múltiples detalles, dende o esquío que sube a un árbore ata os Reis que se achegan ao portal.



Público asistente ao acto de clausura do belén, que encheu o salón de actos do centro cultural (esquerda), e Jesús Domínguez Guizán. C.PÉREZ

## «O nacemento é un amplo retrato da Terra Chá»

Seis de seis. Ese é o balance de Xosé Manuel Carballo no tocante aos premios do Certame de Xornalismo Begonte e o Nadal. 'El belén de Begonte es una farsa, fuera de época y de lugar' fíxoo merecedor unha vez máis dos 600 euros de premio da trixésima oitava edición dun concurso ao que se presenta por múltiples razóns.

Escribir sobre a celebración do Nadal cristián, valorar e colaborar

na difusión do belén de Begonte ou o premio —a metade dónao a causas «de necesidade»— son algunhas das razóns que motivan a Carballo a presentarse.

Para el, o belén de Begonte é «unha serie de marabillas conxuntadas nunha gran marabilla» e é unha «celebración festiva» digna de ser recoñecida «oficialmente» como tal. E argumentos non lle faltan: «É unha lección en move-

mento sobre un acontecemento trascendental para a humanidade», «é unha catequese plástica, viva, dinámica e emotiva», «desde o punto de vista etnográfico axuda aos máis vellos a revivir experiencias e emocións e aos máis novos a que aprendan onde están enraizados», «é un amplo retrato da Terra Chá» e «é un sinal do que pode conseguir a unión duns veciños nun pobo pequeno».

En definitiva, para Carballo, como para os impulsores da distinción, «é xa un elemento de identidade dun lugar» de aí ese apelido que xa acompaña ao concello: O Begonte do belén.



Xosé Manuel Carballo Ferreiro, no museo do belén. C. PÉREZ

Carlos López Fernández Gañador do Certame de Poesía

## «O belén de Begonte é a obra de dous soñadores»

Carlos López Fernández fíxose co primeiro premio do Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal do belén de Begonte grazas ao 'Romance dos dous Xosés', unha composición na que lembra aos dous impulsores desta iniciativa relixiosa, cultural e social: Xosé Domínguez Guizán e Xosé Rodríguez Varela. Unha viaxe dos Reis Magos e a contextualización na

zona completan a obra que o fixo merecedor dos 600 euros do premio a primeira vez que se presentaba a un concurso que alcanzou a súa trixésima oitava edición.

«Foi fácil elixir o tema, porque aínda que a eles non os coñecín en persoa, o belén de Begonte está asociado a estas dúas persoas» explica Carlos, honrado por recibir un recoñecemento no marco

dunha iniciativa «moi entrañable e moi poética, esta é a obra de dous soñadores con continuidade no tempo».

E para que o seu legado non esmoreza, ademais de respaldar a declaración de festa de interese turístico, Carlos López cre que se debería apostar por novas iniciativas, coma crear unha escola de belenismo en Begonte «que garanta a continuidade», incluír un certame de música do Nadal ou mesmo ampliar os locais que acollen o nacemento «para enriquecelo», porque «é unha marabilla nun espazo moi pequeno».



Carlos López Fernández recita o romance gañador. C.PÉREZ

## «O certame é un referente para todos os pintores»

José Manuel Peña Romay fíxose por primeira vez co premio do Certame Galego de Arte —1.500 euros máis estatuíña de Sargadelos—, no que viña participando con regularidade, grazas a unha panorámica de Lugo que forma parte dunha serie chamada 'Arquitecturas', centrada nas paisaxes urbanas de varias cidades, un tema no que centra agora parte do seu traballo artístico.

«Paréceme un certame marabilloso, é moi entrañable», asegura o pintor lugués, quen recorda que a nivel galego «hai poucos premios e arte e este, pese a ser dun lugar pequeno, é un referente para todos os pintores e sempre hai moita participación», avalando a transcendencia dun certame que acadou a súa vixésima cuarta edición.

Peña Romay cre que será posi-

tivo apostar pola declaración de festa de interese turístico para o belén electrónico begontino, polo «movemento de xente que xera, independentemente das crenzas de cada quen» e, sobre todo, por tratarse dun «referente cultural» máis que consolidado.

«Jesús Domínguez comentaba que cada un o pode ver de moitas maneiras e eu diría que é coma o Camiño de Santiago», engade este pintor lugués, que tamén destaca que non é doado atopar concellos «con tanta actividade», un fito que a el lle parece importante e que espera que teña continuidade no tempo.



José Manuel Peña Romay, coa obra premiada. C. PÉREZ